

A resolución reitoral do 24 de xuño de 2010 pola que se publica a Convocatoria Xeral de Matrícula para o curso 2010-2011 prevé un prazo de matrícula do 11 ao 25 de febreiro de 2011 para as titulacións de Grao, e do 16 ao 31 de marzo de 2011 para as titulacións non adaptadas ao *Espazo Europeo de Educación Superior*, no que o alumnado pode formalizar matrícula en materias do segundo cuadrimestre. Tendo lugar simultaneamente o prazo de implantación das titulacións de Grao e a extinción das anteriores e co fin, por un lado, de facilitar a conclusión dos estudos ao alumnado que non desexa adaptarse e, por outro, facilitar tamén ao alumnado que se adaptou aos novos estudos tamén o remate dos seus estudos, estímase conveniente ditar a presente resolución complementaria á regulación recollida na citada resolución de 24 de xuño respecto da matrícula para o segundo cuadrimestre.

Por outra banda a resolución de 18 de maio de 2010 establecía como requisito para poder defender o Traballo Fin de Grao (TFG) que o alumnado tivera superados todos os créditos da primeira metade da titulación. Este requisito, no caso do alumnado que se tivera adaptado dende un plan de estudos a extinguir e que tivera materias que antes se impartían nos últimos cursos e que co novo plan pasaran ao primeiros cursos, fan imposible a matriculación no TFG, o que pode supoñer un retraso dun ano académico, polo que se estima que esta situación debe contemplarse como excepcional e polo tanto poder eximilos deste requisito e poder realizar a matrícula na convocatoria do segundo cuadrimestre.

É por iso que esta Reitoría resolve:

PRIMEIRO.- O alumnado dos plans de estudo de titulacións de primeiro e segundo ciclo que teña pendentes de superación materias non extinguidas, sen dereito a docencia, pero con dereito a exame (materias en extinción e matriculables), poderá formalizar matrícula nelas, de non telo feito antes, só con dereito a exame entre o 16 e o 31 de marzo 2011.

SEGUNDO.- 1.- Excepcionalmente o alumnado que se tivera adaptado dende un plan de estudos a extinguir e que tivera materias que antes se impartían nos últimos cursos e que con novo plan pasaran aos primeiros cursos se lles eximirá do requisito de ter superado todos os créditos da primeira metade da titulación establecidos na resolución reitoral de 18 de maio de 2010 pola que se regula o traballo fin de grao, sempre que, como resultado do proceso de adaptación ao Grao, estean en condicións de presentarse ao Traballo de Fin de Grao por restarlles menos de 75 créditos para rematar os seus estudos, poderán matricularse nel do 11 ao 25 de febreiro aínda que non teña superados todos os créditos da primeira metade do plan de estudos.

2- Tamén e con carácter excepcional e transitorio, o alumnado que se adaptou ao novo plan e que tras a realización das probas do primeiro cuatrimestre lle reste menos de 75 créditos para rematar a titulación poderá matricularse do TFG.

3- A matrícula deste alumnado será presencial na UXA correspondente e mediante solicitude expresa.

4- Os Centros deberán habilitar as medidas oportunas para que este alumnado poida realizar o traballo de fin grado no segundo cuatrimestre.

TERCEIRO.- Para as titulacións que implantaron o calendario académico do Grao e que figuran no anexo desta resolución, o prazo de matrícula do segundo cuatrimestre será do 11 ao 25 de febreiro de 2011.


CUARTO.- As matrículas realizadas consonte a autorización establecida nesta Resolución non darán dereito a modificar a matrícula feita noutras materias nin a ningún cambio nos horarios ou calendarios académicos dos Centros, nin o sistema de avaliación ordinaria, nin ao establecemento de novos períodos de prácticas.

QUINTO.- Modifícase, a petición da Facultade, o período de preinscrición de Prácticas Tuteladas de Farmacia, pasando a ser do 15 ao 30 de xaneiro de 2011. A solicitude de admisión para realizar estas Prácticas, deberá presentarse na Facultade de Farmacia.

Inclúese como anexos á presente resolución as convocatorias abertas tanto na convocatoria xeral de matrícula (resolución reitoral do 24 de xuño de 2010), como as establecidas na presente resolución, e as titulacións non adaptadas ao EEES ás que se lles aplicará o calendario de Grao.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2010

O reitor,



Juan J. Casares Long

Sra. secretaria xeral; Sra. vicerreitora de Estudos de Grao e Posgrao; Sres./as decanos/as e directores/as dos Centros; Sr. xefe do Servizo de Xestión Académica; Sres/a. xefes/a da UXAS

A. PRAZOS DE MATRÍCULA

I.- MATRÍCULA PARA INICIAR ESTUDOS NAS TITULACIÓNS DE GRAO

Titulacións sen límite de prazas: do 11 ao 25 de febreiro de 2011

II.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS INICIADOS NA USC

1. Titulacións de Grao:

Do 11 ao 25 de febreiro de 2011 (non matriculados no período anterior). Este prazo tamén se aplicará ás titulacións non adaptadas ao EEES que se acolleron ao calendario académico dos estudos de Grao e Máster.

2. Titulacións non adaptadas ao EEES:

Alumnos non matriculados nos períodos anteriores de matrícula: do 16 ao 31 de marzo de 2011.

III.- MATRÍCULA PARA CONTINUAR ESTUDOS INICIADOS NOUTRA UNIVERSIDADE

1.- Prazo de solicitude de admisión en titulacións sen cota para trasladados:

Titulacións de Grao:

- Do 11 ao 25 de febreiro de 2011. Este prazo tamén se aplicará ás titulacións non adaptadas ao EEES que se acolleron ao calendario académico dos estudos de Grao e Máster.

Titulacións non adaptadas ao EEES

- Do 16 ao 31 de marzo de 2011.

IV.- SOLICITUDE E MATRÍCULA EN MATERIAS DE LIBRE ELECCIÓN

Coa matrícula ordinaria.

V.- SOLICITUDE E MATRÍCULA EN SEGUNDOS CICLOS DESDE OUTROS ESTUDOS

1.- Titulacións con límite de prazas

Do 10 ao 15 de marzo de 2011 para os alumnos que reúnan os requisitos académicos para o acceso e desexen formalizar a matrícula naquelas titulacións nas que, tras as dúas convocatorias ordinarias, resultaran prazas vacantes.

Prazo de matrícula do 21 ao 31 de marzo de 2011.

2.- Titulacións sen límite de prazas (segundo prazo de solicitudes e matrícula)

Do 1 de febreiro ao 31 de marzo de 2011 (só matrícula en materias anuais e do segundo cuatrimestre).

VI.- PREINSCRICIÓN NAS PRÁCTICAS TUTELADAS DA FACULTADE DE FARMACIA

As solicitudes presentaranse na Facultade de Farmacia para o período de febreiro 2011 – xullo 2011. Prazo de preinscrición do 15 ao 30 de xaneiro de 2011.

VII.- MATRÍCULA PARA A COLACIÓN DO GRAO (F. FARMACIA)

Modalidade de exame.- Facultade de Farmacia: do 1 ao 15 de marzo de 2012.

VIII.- PROBA DE APTITUDE (PROBA DE CONXUNTO) E REQUISITOS FORMATIVOS COMPLEMENTARIOS PARA A HOMOLOGACIÓN DOS TÍTULOS ESTRANXEIROS

Probas de Aptitude e Probas de Conxunto:

CONVOCATORIA DO PRIMEIRO CUADRIMESTRE. Matricula: do 1 ao 10 de febreiro de 2011

As probas realizaranse no mes seguinte ao de matrícula.

IX.- MATRÍCULA E MODIFICACIÓN DE MATRÍCULA PARA MATERIAS DO 2º CUADRIMESTRE E ANUAIS

Titulacións de Grao e Máster: do 11 ao 25 de febreiro de 2011. Este prazo tamén se aplicará ás titulacións non adaptadas ao EEES que se acolleron ao calendario académico dos estudos de Grao e Máster

Titulacións non adaptadas ao EEES: do 16 ao 31 de marzo de 2011.

X.- ADAPTACIÓNS, VALIDACIÓNS E RECOÑECIMENTOS

Para titulacións de Grao e Máster:

- Do 11 ao 25 de febreiro de 2011

Para titulacións non adaptadas ao EEES:

Adaptación e validacións tras a convocatoria de fin de carreira ou primeiro cuadrimestre: do 16 ao 31 de marzo de 2011.

B. RELACIÓN DE CENTROS QUE SOLICITARON ACOLLERSE AO CALENDARIO ACADÉMICO DE GRAO E MÁSTER PARA AS SÚAS TITULACIÓNS NON ADAPTADAS AO EEES

Centro	Titulación
Escola Politécnica Superior	Enxeñaría Agrónoma
	Enxeñaría de Montes
	Enxeñaría Técnica Agrícola, Especialidade en Explotacións Agropecuarias
	Enxeñaría Técnica Agrícola, Especialidade en Hortofruticultura e Xardinería
	Enxeñaría Técnica Agrícola, Especialidade en Industrias Agrarias e Alimentarias
	Enxeñaría Técnica Agrícola, Especialidade en Mecanización e Construcións Rurais
	Enxeñaría Técnica Forestal, Especialidade en Explotacións Forestais
	Enxeñaría Técnica de Obras Públicas, Especialidade en Transportes e Servizos Urbanos
	Enxeñaría Técnica en Topografía
Escola Técnica Superior de Enxeñaría	Enxeñaría Química
	Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas
Facultade de Administración e Dirección de Empresas	Diplomatura en Ciencias Empresariais
	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais	Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
	Licenciatura en Economía
Facultade de Ciencias da Educación	Mestre, Especialidade en Educación Infantil
	Mestre, Especialidade en Educación Musical
	Mestre, Especialidade en Educación Primaria
	Mestre, Especialidade en Lingua Estranxeira
	Diplomatura de Educación Social
	Licenciatura en Pedagogía
	Licenciatura en Psicopedagogía
Facultade de Farmacia	Licenciatura en Farmacia
Facultade de Humanidades	Licenciatura en Filoloxía Hispánica
	Licenciatura en Humanidades